

Homenaxes

KREMER, D. (ed.). *Homenaxe a Ramón Lorenzo*. Galizien-Zentrum der Universität Trier/Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia. Galaxia, Vigo, 1997, 2 vols. (1.176 pp.).

A Editorial Galaxia publicou en 1998 os dous volumes que recollen os traballos compilados en honor do catedrático da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela don Ramón Lorenzo Vázquez. Afortunadamente en activo aínda, segue a ser guía de estudos sobre o galego dentro e fóra do país. As semblanzas sobre a personalidade do autor, a súa completa Bibliografía e os estudos de Filoloxía e literatura medieval, Crítica e creación literaria e Cultura e historia son os contidos do primeiro volume, mentres o segundo constitúe un bloque monográfico de estudos lingüísticos.

Son dúas as facetas máis coñecidas desta figura fundamental da lingüística galega. Por unha banda o seu labor como medievalista. Pola outra, a súa defensa da identidade lingüística autónoma do galego. O primeiro aspecto xa se anunciaba na súa tese de doutoramento, dirixida na Universidade Complutense de Madrid polo profesor Dámaso Alonso, e que saíra do prelo co título *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla* (1977). A esmerada edición de textos medievais constitúe desde aquela o seu labor máis recoñecido, e os seus traballos constitúen referentes bibliográficos ineludibles para os romanistas de todo o mundo que aspiren a coñecer a realidade do galego naquel período.

Pero non é esa a única actividade académica na que destacou o editor da *Crónica Troiana*. Despois da súa etapa madrileña, completa a súa formación na Alemaña, onde perfecciona durante anos a súa disciplina científica ó lado dun filólogo da altura de J. M. Piel. Deste xeito, é de supoñer que, á súa chegada á

universidade compostelana na década dos setenta, os seus coñecementos de gramática histórica, o seu dominio do portugués ou súa competencia en materia de galego medieval tiveron por forza que supoñer un reforzo fundamental ó proceso de xestación do que sería a revolución vivida pola lingüística galega no último tercio do século XX. Se hoxe o noso idioma é coñecido e recoñecido cientificamente dentro e fóra de Galicia éo en parte gracias ó labor de quen, como Ramón Lorenzo, centraron a súa carreira académica na defensa labor de quen, como Ramón Lorenzo, centraron a súa carreira académica na defensa dunha lingua que, salvo escasas excepcións, levaba ausente dos estudos das variedades neolatinas practicamente desde as orixes da moderna filoloxía románica. Un grupo de filólogos que, en condicións materiais e sociopolíticas bastante distintas das actuáis, posibilitaron co seu esforzo os logros de posteriores xeracións de investigadores, que contaban xa coas publicacións, o apoio, as orientacións e, en definitiva, o exemplo, de mestres como o homenaxeadoxeral.

Serafín ALONSO PINTOS